

Vigo doutro tempo

Trata de localizar as seguintes referencias literarias a lugares da cidade de Vigo aplicando a ferramenta Ikimap

Referencia 1. “No *peirao da Laxe* foran parar barcos sen amarras, que o deixaran destrozado. Non quedarán grúas, nin espigóns, nin liñas de atraque. Parecía mentira que Vigo, que vivía da pesca, que prosperaba gracias ao mar, non tivera un porto en condicións...”
M^a Xosé Queizán. Amor de Tango. 1992

Referencia 2. “ De noite, no salón da casa pequena da *Rúa Real*, esperaban a amencida os vultos case humanos dos baúis. Acababa o prazo, ese limbo de tránsito que é preciso para deixar unha vida.” Rexina Vega Cardume. 2007

Referencia 3. “...ollábaos ir e vir collendo cousas con que argalla-lo acampamento. Cachos de saco, papeis e follas para arder na fogueira, paos para face-las espadas, e uns gorros que, ás veces, eran medias encachadas ata as orellas, co colgallo do pé voando ó vento, ou ben con follas das árbores e, cando ían coller tiras de lata á *Metalúrxica*, facían uns cos que mesmo semellaban guerreiros de verdade.” Mariló Chamorro. Tempo Rachado. 1999.

Referencia 4. “ Todo comezaba cun paseo, coma tal por Samil, polo *Cocho das Dornas*. Ollaban entón as dunas, o argazo estrando a praia, a desolación marítima que os aterecía.”
Méndez Ferrín. Antón e os inocentes. 1985.

Referencia 5. “Mellor sería -arriscou o Sé da Carago do Gato- que nos houbésemos metido no cine. A derradeira película que eu vin, no “*Odeón*”, tiña muito luxo. A casa era un verdadeiro palacio...”
Eliseo Alonso. A rúa do noxo. 1977.

Referencia 6. “Volveuse a negar, pero cando parei o coche no semáforo da praza de España púxome unha man enriba do xeonllo e arrimouse como para dicirme unha confianza. Sabes onde está a *Nova Olimpia*? Quedeis sorprendido, pero díxenlle si. Si, creo que si. Pois déixame alí. Hoxe hai baile da *tercera edá*”. Manuel Rivas. Un millón de vacas. 1989

Referencia 7. “...da irresistible tentación a combater esas dúas lacras apurando gintónicos por exemplo no *Dona Branca*, onde ás veces puñan unha música pasable, alí na vella praza da Constitución ou, máis preto aínda do Gran Hotel, poñamos por caso no mesmo *Manteca*...”
Cid Cabido. Unha historia que non vou contar. 2009

Referencia 8. “ Pasa en ámbar o cruce da rúa Cantabria, atravesa velozmente o Calvario por Jenaro de La Fuente, apura tódolos semáforos de Pizarro e baixa a Gran Vía para enlazar coa *Avenida de Castelao*” Francisco Castro. Cemiterio de elefantes. 1994

Referencia 9. “Segundo os gardas que custodiaban a entrada á *illa de Toralla*, malia ser home de horarios nocturnos, era tranquilo. Tocaba o saxofón coa súa banda catro noites por semana no *Grial*, un local situado á entrada do casco vello da cidade.” Domingo Villar. Ollos de auga. 2006